


Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC



Curso on-line que combina unha parte de estudo de conceptos, facendo uso de ferramentas web, aplicacións de ciencia cidadá, material audiovisual, e textos de apoio; con outra parte práctica de análise e cálculo da pegada ecolóxica persoal. O curso complétase cunha visita guiada polo Campus para coñecer en vivo as principais actuacións de sustentabilidade da UDC.



Sustentabilidade nos
Campus da UDC:
Depuración augas por
humidal | Áreas de
compostaxe | Eficiencia
enxéutica | Aforro de
auga | Hortas | Biofiltros
SUDS | Bioconstrución

Calendario

- do 8 ao 14 de xuño: **Inscripcións** no [FORMULARIO](#)
- do 16 ao 30: **Desenvolvemento** do curso.
Horario libre
- 21 de xuño: Visita guiada (opcional)*
- 21-30 de xuño: **Avaliación**. Proba on-line.

*Visita guiada: 3,5h de dedicación que poderán substituírse por outro traballo online para obter o certificado de superación.

Duración: 10 horas

GRATIS • CERTIFICADO POLA UDC •
RECOÑECIMENTO DE 1 CRÉDITO A
ESTUDANTADO DE GRAO DA UDC
(1C=10h.)

oma2@udc.gal | 981 167000 Ext. 5626

Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC

Xuño 2021



Presentación por: Prof. Manuel Soto Castiñeira
Organización e seguimento: Verónica Torrijos, Manuel Soto

Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC

Curso on-line incluído na iniciativa Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio da OMA-UDC.

Combinou unha parte de estudo de conceptos, facendo uso de ferramentas web, aplicacións de ciencia cidadá, material audiovisual, e textos de apoio; con outra parte práctica de análise e cálculo da pegada ecolóxica persoal.

Resultados do grupo, valores medios das 20 persoas que superaron o curso:

Concepto	Media $\pm$ desv.est	Mediana
Caudal billa (L/min)	6,2 $\pm$ 4,0	6
Caudal ducha (L/min)	12,1 $\pm$ 6,4	10
Auga (L/d)	132 $\pm$ 83	118
Enerxía (kWh/ano)	4500 $\pm$ 5066	2328
PE Enerxía (kg CO ₂ /ano)	1438 $\pm$ 2086	445
Mobilidade (kg CO ₂ /ano)	832,1 $\pm$ 1124,4	374,3
PE residuos (kg CO ₂ /ano)	118,1 $\pm$ 70,0	109,5
Residuos totais xerados (kg/día)	1,02 $\pm$ 0,23	1,05
Separación de residuos (%)	49,7 $\pm$ 24,2	46

O curso completouse con unha visita guiada polo Campus para coñecer en vivo as principais actuacións de sustentabilidade da UDC: depuración de augas por humidal, áreas de compostaxe, eficiencia enerxética, aforro de auga, hortas, biofiltros, sistemas urbanos de drenaxe sustentábel, biocontrución, entre outras.

En total inscribíronse 42 persoas, das que o estudantado de grao puido optar ao recoñecemento de créditos (apdo. 1.3) logo de superar os conceptos de avaliación, estimado en 10 horas de dedicación.

